




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa Sur. Sector: Cabo Silleiro-A Guarda. Municipio: Oia ao norte, O Rosal ao sur, e A Guarda no extremo máis meridional. Parroquias: Santa María de Oia en Oia, Santa Mariña do Rosal no Rosal, e San Lourenzo de Salcidos na Guarda. Extensión: 5,05km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa de trazado xeral rectilíneo con tramos acantilados pero tamén cunha sucesión de pequenos entrantes ou calas con acumulacións de cantos e bloques. Tras a fronte costeira desenvólvese unha superficie de escasa pendente formada principalmente pola acumulación de depósitos de ladeira e en contacto con ela a vertente das elevacións graníticas que pechan a unidade polo leste, entre os altos de Cruz da Portela ao sur e Campo de Couto ao norte. A proximidade entre a liña de costa e a cabeceira da unidade fai que a vertente montañosa estea sucada por unha serie de valgadas de forte pendente que erosionan a parede granítica formando na súa base conos de dexestión que regularizan a ladeira. Especialmente significativas neste sentido son as pequenas concas dos ríos Covo e do Soutiño, ao pé do alto do Campo do Couto, punto culminante da unidade con 553m snm. Inclúe o EIX Outros depósitos antigos da costa de Oia.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O substrato litolóxico da unidade é eminentemente granitoide, conformado por granitos de feldspato alcalino, aínda que no interior, presenta numerosos lentellóns de micaxistos migmatíticos e conglomerados cuarcíticos do Precámbrico-Silúrico, asociados ao Complexo Monteferro - O Rosal. Ao norte, polo que respecta aos materiais cuaternarios, recoñécese unha banda de depósitos coluviais en contacto cos conos de dexestión asociados ás canles fluviais que descenden polas ladeiras. Ao sur, esta banda de depósitos coluviais estréitase até desaparecer nalgúns tramos.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A maior parte da unidade pertence ao dominio climático Cálido e Moi Húmido: 1400mm e 1800mm de precipitación acumulada media ao ano; temperaturas suaves con valores medios por riba de 14°C e oscilación térmica media entre 12,5°C e 13,5°C. No alto de Campo de Couto supéranse os 1800mm con máximos de 2000mm, a temperatura media descende por debaixo de 14°C e a oscilación térmica anual sitúase entre 13,5°C e 14,5°C, polo que se inclúe na área de dominio Temperado e Hiperhúmido.

#### OS SOLOS

Fronte costeira de pouco desnivel e escaso desenvolvemento continental seguido dunha vertente regular na que a inclinación condiciona a formación dos solos ata o punto de que dominan os regosos e leptosos líticos: solos pobres, de perfil esquelético, e nos que adoita aflorar a rocha granítica subxacente. En consecuencia o espazo agrario redúcese á parte baixa da vertente e o resto está ocupado por mato e formacións arbóreas sobre todo no pé de monte.


#### AS AUGAS

Pequenos arrosos rectilíneos diríxense ao oeste, ás Augas Costeiras da Guarda (20103) descendendo polas pendentes dos cantís que conforman a unidade. Destacan, no Val do Rosal, o río dos Corvos e o arroyo de Soutiño, que desembocan entre Pena Ajoeira e Pena Agoeira.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Fronte dominada polos hábitats 1230, cantís mariños atlánticos e praias de seixos, e 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados nos extensos coidos. Dominio forestal, de arboredo de repoboación por zonas nas ladeiras medias e baixas. Na chaira costeira aparecen sectores con breixos seco europeo (4030). Nos altos existe un gran dominio dos afloramentos rochosos, dando moita importancia ao grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Pero tamén é posible atopar matogueiras, volvendo aparecer os breixos secos europeos (4030) aínda que, como en todo este sector montañoso, tamén poden aparecer áreas co 4090 de breixos oromediterráneos endémicos con aliaga. Nas valgadas e alveolos con hidromorfía, por exemplo no canón do Regacho de Soutiño, poden desenvolverse breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix (4020), que en ocasións derivan cara a pequenas turbeiras (grupo 71). Pequena formación ripícola (91E0) no límite sur costeiro.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Predominio de vexetación costeira de matogueira, sen uso produtivo, especialmente continua nas partes altas da cordilleira do Torroso. Ao longo dunha franxa duns 700 metros desde a liña de costa, bosque de repoboación bastante fragmentado percorre lonxitudinalmente a unidade, alternándose con usos agrícolas e residenciais dispersos ao longo da franxa próxima á estrada. A actividade agraria só presenta unha continuidade salientable nas partes baixas, máis próximas ao litoral, e en certos puntos nos que constrúe a ladeira con bancais. Na liña de cantís que conforma a costa desenvólvese unha explotación marisqueira de extracción de percebe, tanto a pé como en barco, de lapa e de ourizo.

#### MORFOLOXÍA

O núcleo de referencia nesta unidade é San Xán, pequeno asentamento compacto situado a media ladeira da vertente da Serra do Torroso, orientado a oeste e aproximadamente a 150 metros sobre o nivel do mar, a uns 800 metros da costa. Situado entre terras de cultivo de terrazas na ladeira formando bancais para explotación vitícola, trátase dun núcleo relativamente compacto, estruturado en varias plataformas para salvar a pendente do terreo, e que experimentou poucos crecementos recentes. O outro asentamento tradicional, Portocelo, trátase dun casarío de menor entidade e concentración, situado nas terras chairas litorais, na parte meridional da unidade. O desenvolvemento edificatorio contemporáneo, composto fundamentalmente por vivendas unifamiliares illadas e dispersas, desenvólvese ao longo da PO-532, que transcorre a unha cota sensiblemente inferior, máis próxima á costa e por unhas terras máis chairas.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria caracterízase polo seu forte compoñente lonxitudinal, cunha traza paralela á costa que percorre o territorio en dirección norte-sur cosido transversalmente só por pequenas vías secundarias. Así, a vía principal é a PO-532 (tamén coñecida como C-550), que transcorre a uns 300 metros da costa practicamente paralela á fronte litoral. As conexións que tradicionalmente unían os núcleos de San Xán e Portocelo, salvando unha diferenza de cota, próxima aos cen metros, queda agora relegada a un papel secundario, cun trazado máis sinuoso para adaptarse á pendente. A rede tradicional complétase con pequenas vías que garanten a accesibilidade ás terras de cultivo e á fronte litoral, así como unha serie de pistas forestais que percorren as parte máis elevadas da ladeira da serra do Torroso.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Existen destacables restos arqueolóxicos como os petroglifos de Campo do Couto e de Alto da Campá na cima dos montes que limitan a unidade cara ao interior. Así mesmo, nas proximidades de Portocelo, acháronse os Petroglifos da Laxe do Lapón. Como único representante da arquitectura relixiosa atopámonos a capela de San Xán.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Unidade caracterizada pola súa forte traza lonxitudinal, cun desenvolvemento en dirección norte-sur moito máis importante que a súa extensión interior cara a terras continentais. As cotas altas da ladeira, fondo escénico do ámbito (vertente oeste da Serra do Torroso) están cubertas por vexetación costeira de matogueira, mentres que a parte baixa próxima á costa (unha franxa duns 700 metros) concentra as actividades produtivas agrícolas, forestais e residenciais. Estas últimas teñen a súa orixe nos asentamentos de San Xíán, núcleo agrícola tradicional situado a media ladeira e relativamente afastado da costa, e Portocelo, de menor entidade, situado na liña litoral. Os crecementos recentes, formados por residencias unifamiliares illadas, realízanse ao longo da estrada PO-532 dun modo moi disperso e sen xerar un tecido nin agrupación de identidade recoñecible.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

Territorio que experimentou poucas modificacións na súa estrutura de ordenación. A lixeira redución das actividades agrícolas supuxo unha substitución de certas superficies de cultivos por vexetación costeira de matogueira, manténdose a estrutura de muros e parcelaria na maioría dos casos, ou a súa ocupación por novos desenvolvementos residenciais. A superficie de repoboación forestal tamén sufriu poucas alteracións, constatándose tan só a súa redución en certos puntos, sendo substituída por vexetación de matogueira. As modificacións máis importantes, sen dúbida, xéranas os novos modelos de crecemento residencial extensivos, dispersos e de moi baixa densidade.



**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Paisaxe de forte expresividade xerado polo contraste entre as ladeiras agrestes, despoboadas e graníticas da Serra do Torroso, a franxa costeira de pendente suave que alterna bosque, cultivos e procesos construtivos, e a liña de costa composta por unha sucesión ininterrompida de pequenos cantís. O alto de Campo do Couto, cos seus 553 metros de elevación sobre o nivel do mar a tan só 1,5 quilómetros del, supón un fito paisaxístico cuxa importancia desborda os límites desta unidade. Outros puntos de observación sitúanse no núcleo de San Xíán e, na costa de Portocelo. As conexións transversais coas terras de interior son practicamente nulas, debido ao insalvable obstáculo que supón a Serra do Torroso. O POL propón nesta unidade un punto de observación didáctico das unidades B2 Vertentes acantiladas de perfil composto.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



